

Maxia, contos e un agasallo literario para 150 nenos de Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 23 Novembro 2010 00:39



Un espectáculo de contos e maxia recibirá a 150 escolares de 9 a 14 anos dos colexios de Nigrán o próximo mércores 23 no Centro Cultural O Torreiro de Priegue, ás 11 horas. A actividade forma parte da campaña Bocaberta da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que dende hai tres anos fomenta o uso do galego e a lectura nesta lingua entre a poboación infantil e xuvenil, a través dun programa de actividades que desenvolve en colaboración con diversas editoriais de Galicia.

Os rapaces asistirán ao espectáculo “Contos de Maxia” a cargo do Mago Cali e tamén serán agasallados cun exemplar do libro *Contos por palabras* de Agustín Fernández Paz, unha obra publicada pola editorial Xerais. *Contos por palabras* contén un feixe de historias que parten de anuncios por palabras atopados nos xornais e que son aparentemente normais mais que dan lugar a historias sorprendentes. A obra recibiu entre outros o Premio Lazarillo 1990 (primeiro concedido a una obra escrita nunha lingua diferente do castelán), e foi elixido un dos dez títulos imprescindibles da Lix Española do século XX en 2010.

Dende o seu xurdimento, o Concello de Nigrán participa da campaña Bocaberta, e nesta oportunidade o fai en convenio con a editorial Xerais e a Secretaría de Política Lingüística.